

# A QUE SABE A LÚA?

Texto e ilustracións de MICHAEL GREJNIEC

Tradución de CARMEN BARREIRO

Encadernado en cartón. 19,5 x 29 cm. 36 páx. 16 €

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2004  
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

**A que sabe a lúa?** (galego)

ISBN 978-84-8464-625-9. Álbum ilustrado. Tras os montes.

**¿A qué sabe la luna?** (castelán)

ISBN 978-84-8464-564-1. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**¿A qué sabe la luna?** (castelán)

ISBN 978-84-92608-84-3. Álbum ilustrado. De fácil lectura. Makakiños.

**De què fa gust la lluna?** (català)

ISBN 978-84-8464-561-0. Àlbum il·lustrat. Clàssics contemporanis.

**Nola dastatu llargia?** (euskara)

ISBN 978-84-95123-77-0. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

**A que sabe a Lua?** (português)

ISBN 978-972-8781-09-5. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**A taste of the moon** (inglés)

ISBN 978-84-8464-746-1. Picture book. Books for dreaming.

**Il sapore della luna** (italiano)

ISBN 978-84-8464-431-6. Albo illustrato. Classici moderni.

*Había moito tempo que os animais andaban a matinar*

*a que sabía a lúa. Era doce ou salgada?*

*Só querían probar un anaco pequeno. Polas noites,*

*miraban ansiosos para o ceo. Estarricábanse e estiraban*

*o pescozo, as pernas e os brazos, tentando collela...*

Quen non soñou algunha vez con darlle unha dentada á lúa?

Este foi precisamente o desexo dos animais deste conto.

Tan só querían probar un anaquiño pero, por máis que se estiraban,

non eran quen de tocala. Daquela, a tartaruga tivo unha idea xenial:

“Se sobes ao meu lombo, poida que cheguemos onda ela”,

díxolle ao elefante.

Esta é unha historia de desexos que parecen -a primeira vista-

inalcanzables, como a lúa, pero que conseguen facerse realidade

grazas á cooperación. Unha axuda mutua da que son partícipes

animais moi variados: a tartaruga, sobre a que se sostería o mundo,

segundo a mitoloxía; o elefante, a xirafa, a cebrá, o león, o raposo...


Ata que, finalmente, o máis pequeno de todos...

A medio camiño entre a fábula e a lenda, este relato ofrece

unha poética ensinanza que fala de xenerosidade,

solidariedade e soños compartidos. Cunha chisca de humor;

o que achega unha lúa sorrinte, burlona e algo saltadora.



■ **Temática:** os animais únense para probar a que sabe a lúa.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura acumulativa; contén póster medidor; dispoñible en versión adaptada ao sistema de pictogramas para lectores con necesidades de apoio educativo (colección [Makakiños](#)); reflexión sobre a forza da unión, a solidariedade; animais, sabores, distancias, astros.

■ **En Kalandraka TV:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/a-que-sabe-la-luna-booktrailer>

<https://kalandraka.tv/gl/videos/a-que-sabe-a-lua/>

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-que-sabe-a-lua-g\\_fb9b191eb7f4e8](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-que-sabe-a-lua-g_fb9b191eb7f4e8)

## Michael Grejniec

«A que sabe a lúa?», escrito e ilustrado polo autor e ilustrador polaco Michael Grejniec, é un libro especialmente recomendado para primeiros lectores. A súa estrutura baséase nas repeticións e na acumulación de personaxes, un recurso moi frecuente na literatura tradicional. Esta obra invita a ser contada, logrando a interacción entre o narrador e os receptores. Dende o punto de vista estético, as ilustracións destacan polo seu estilo sinxelo e cálido, ao que contribúe o soporte sobre o que están realizadas, en papel-couché. A distribución das imaxes e do texto, sobre fondo branco, proporciona un grande equilibrio que potencia o efecto artístico do libro.



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com